



A IMAXINACIÓN DISPAROUSE NO 2003



O ano 2002, definitivamente, foi un ano irresistible para todos os adictos ao xénero fantástico. Pero afortunadamente o 2002 non tivo nada que facer comparado co 2003, xa que prometeu e mellorou as emocións (ou se non, xa me contaredes).

Os saltos do cómic ás grandes pantallas seguiron acaparando a nosa atención. Para empezar, recuperamos un vello amigo ao que chaman La masa (The Hulk), ese rapaciño tan “majo” que cando alguén lle tocaba a fibra máis sensible transformábase nunha auténtica besta, que nin Xabier Sardá o invitou a Crónicas Marcianas (aínda que, claro, tendo a Aida, non sei o que será peor).

SUPERHEROES, A FAMILIA MEDRA.

A outra gran aventura que substitúe as viñetas para pasar ás pantallas é a de Daredevil. Ben Affleck, seica o actor máis sexy, segundo a revista People, enfúndase no axustado traxe de coiro vermello deste novo superheroe neiorquino, cego para máis información, por culpa de unhas cantas bolsas de lixo radioactivo que alguén deixou esquecido por aí (estes personaxes de Nova Iorque) Está claro que o que Daredevil pretende é unha repercusión similar á xerada por Spider-man.

MUTANTES AO PODER

Unha reválida aprobada no seu día (e con nota) por X-men que xa o tiñan todo preparado para sorprendernos coa súa segunda entrega cinematográfica. Agora o trama xira no entorno dun militar histórico empeñado en borrar do mapa a todos os mutantes e que, encima, arrojará luz sobre o escuro pasado de Lobezno (Hugh Jackman). Ante tal ameaza, os homes X farán causa común con Magneto e compañía. Xa se sabe, do odio ao amor só hai un pasiño (¡Ai, estas cousas do cine...!). Como na primeira entrega, X-men 2 aporta un reparto de luxo no que sobresaen Dan McKellen (Magneto), Halle Berry (Tormenta), Anna Paquí (Pícara) e Rebeca Romijn-Stanos (como Mística).

Pese a todos os superheroes que temos, a humanidade segue en perigo. Se con anteriores oleadas de meteoritos non tivemos bastante, agora resulta que a fin da terra non vai chegar do espazo exterior, senón do interior do propio planeta. Jon Amiel (A trampa) estrea unha das bazas fantásticas máis sólidas do ano: El Núcleo (The Core), con Hilary Swank (Boys don't cry) e Stanley Tucci (Camiño á perdición). O desenvolvemento é sinxelo e inquietante por igual. O núcleo da Terra arrefriase, ralentízase a velocidade de rotación e na superficie comezan a suceder cataclismos de todo tipo. Entón un grupo de científicos viaxa ata o centro do planeta para intentar apuntalar o adosado no que vivimos (isto é como o que se ten dito: a terra ten data de caducidade).

Se o terror aínda non se instalou baixo a pel é que necesitamos fortes emocións como as que só La señal (The ring) pode proporcionar. Remake made in USA de Ringu, unha das películas xaponesas máis taquilleiras de todos os tempos, esta versión vai moito máis alá. O terror precipítase ao alugar unha cinta de vídeo con imaxes atroces que,

para colmo, dá lugar a unha chamada telefónica na que se informa ao espectador do turno da súa morte e, exactamente, en sete días.

Pero despois de La señal houbo outras dúas películas que foron Solaris e Némesis.

Xa, xa o sei, tranquilo, ¿como me vou esquecer da película? A máis esperada, a máis ansiada, a mellor de todas, a máis buscada, a que rompeu taquilla, a que rompeu o aluguer de vídeos, a película que máis lle gustou aos adolescentes (e non tan adolescentes, todo o hai que dicir). Que si, que si, que xa o digo, a película máis revolucionaria para a xuventude foi Terminator 3: Rise of the machines. ¿Como? ¿que había xente que non sabía a que me refería? espero que non! Terminator narra as primeiras batallas entre humanos e soldados artificiais. Os mellores quebradeiras de cabeza proporcionaránselle ao novo Arnold, unha robotina sexy e moi letal ¿Que vos parece esta loira?, unha loira de armas tomar, ¿non vos parece?

E este ano cerra con outras películas que non foron tan exitosas, pero si tiveron a súa fama, foron: Harry Potter, el prisionero de Azkaban e El señor de los anillos: el retorno del Rey. E mentras este ano tan nomeado nos entretén, mellor dito, nos entretivo, seguiu errando pensando novas historias para este ano no que estamos (2004). Películas estreadas este ano foron as seguintes: O novo Superman, Catwoman, Los cuatro fantásticos, Spiderman, la pasión, La joven de la perla, La matanza de Texas... etc.

Pois con este pequeno resumo da historia do cine neste ano, despidóme de todos os lectores da nosa revista do IES de Melide, ata outra, lectores. E a ti, querida Intres, xa nos veremos na túa próxima edición.

Ángel Manuel Neira Carril. B1C